



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039301

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN 2019/8683, DE 7 DE MARZO, POLA QUE SE APROBARON AS BASES DA CONVOCATORIA DO XVI CERTAME “ISAAC DÍAZ PARDO”, DE ARTES PLÁSTICAS

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a base 6ª da convocatoria, na que se establece o prazo no que terá lugar a decisión do xurado, e tendo en conta que por motivos de carácter organizativo non é posible que o fallo se produza no prazo previsto.

Visto o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

RESOLVO:

Modificar a resolución nº 2019/8683, de 7 de marzo, pola que se aprobaron as bases da convocatoria do **XVI Certame “Isaac Díaz Pardo”, de Artes Plásticas**, no senso seguinte:

Onde dí:

A decisión do xurado, que terá lugar no **segundo trimestre de 2019**, será dada a coñecer por medio do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal.

Debe dicir:

A decisión do xurado, que terá lugar no **segundo semestre de 2019**, será dada a coñecer por medio do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación: www.dacoruna.ga

Polo tanto, o texto definitivo da resolución é o seguinte:

Despois de ver os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria do **XVI Certame “Isaac Díaz Pardo” de Artes Plásticas** e de acordo co texto seguinte:

XVI Certame “Isaac Díaz Pardo”, de Artes Plásticas



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039301

Continuando coa tradición de potenciar a produción artística na nosa provincia e no país, e en homenaxe ao gran creador polifacético cuxo nome suxire a creatividade e a contemporaneidade galega, a Deputación da Coruña convoca o *XVI Certame "Isaac Díaz Pardo", de Artes Plásticas*, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderán participar todas as persoas galegas ou residentes en Galicia, que traballen no campo das artes plásticas.

Cada artista poderá concorrer ao certame cun máximo de unha obra.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

As persoas participantes deberán dispoñer dun único enderezo electrónico que non poderá variar ao longo da tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Dispoñer de certificado dixital.

Segunda.-

Establecese un premio único dotado con **6.500 €** e ademais adquirirse **obra por un importe máximo de 25.000 €**, estando incluídos en todas as cantidades os impostos que lles sexan aplicables.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

No caso de que o xurado decida a compra da obra premiada, a súa contía será incluída na cantidade que se destina ás adquisicións, de acordo co criterio seguinte:

Se a valoración da obra supera a cantidade que en concepto de premio lle corresponda, esta cantidade será descontada do importe no que estea valorada a obra, para a súa adquisición. No caso de que a valoración sexa menor o importe da adquisición da obra entenderase incluído na cantidade sinalada.

Terceira.-

O prazo de presentación das solicitudes iniciará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e rematará o **5 de abril de 2019, ás 14:00 h**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039301

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación deberá ser asinada telematicamente pola solicitante .

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

* Datos da obra:

- título
- técnica empregada
- medidas
- valoración (impuestos incluídos)

* Unha foto da obra presentada, en formato JPEG, 150 ppp, tamaño DIN 4.

* Certificado ou volante de empadramento, acreditativo da residencia en algun concello galego (no caso de persoas non galegas).

* O currículo do solicitante.

* Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no **XVI Certame “Isaac Díaz Pardo” de Artes Plásticas** de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e de garantía dos dereitos dixitais.

* Certificación de autenticidade, de cesión temporal ou total da obra.

A temática e a técnica da obra serán libres; establecéndose os seguintes límites ás súas dimensións:

* pintura e obra gráfica: 2 x 2 metros.

* escultura: 2 x 2 x 1 metros e 70 kg

Quinta.-



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039301

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en que delegar e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito das artes plásticas, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en que delegar.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro e na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público*.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio e aprobar as adquisicións.

A decisión do xurado, que terá lugar no segundo semestre de 2019, será dada a coñecer por medio do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal.

Sétima.-

7.1.- Preselección.-

O xurado, despois de ver as solicitudes e as fotografías presentadas, realizará unha primeira selección das obras. Os nomes dos/as autores/as e os títulos das obras que resulten seleccionadas serán publicados na páxina web da Deputación.

As obras deberán estar debidamente identificadas na súa parte posterior, incluíndo en calquera caso o seu título, nome do/a autor/a, referencia da solicitude presentada na plataforma SUBTEL, prezos (incluídos os impostos correspondentes), medidas e técnica empregadas nelas, e serán enviadas ao colexio Calvo Sotelo, rúa Archer Milton Huntington 24, 15011 A Coruña, nas datas e horarios que, por medio da páxina web, sexa indicado.

Serán por conta das persoas participantes os gastos de envío e de retorno, e o seguro dos riscos de transporte.

7.2.- Exposición.-



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039301

Rematado o prazo de presentación dos orixinais das obras, o xurado realizará unha nova reunión para seleccionar as que serán incluídas nunha exposición, que percorrerá os concellos da provincia, ao longo dun prazo de tempo que non poderá superar os seis meses.

Os/as autores/as cuxas obras estean na exposición recibirán tres exemplares do catálogo.

As obras que non sexan seleccionadas deberán ser retiradas polos seus autores ou autoras no prazo dun mes, que se contará desde a notificación da decisión do xurado, de acordo co sinalado na base sexta da presente convocatoria.

7.3.- Adquisición.-

A proposta de adquisición das obras realizarase de acordo co criterio do xurado, que valorará e seleccionará as que considere mellores, tendo en conta o límite presupostario sinalado na base segunda.

A adquisición das obras será resolta pola Presidencia da Deputación, que atenderá para a súa aprobación, ao criterio que tivese constituído o fundamento do xurado para a súa decisión. As obras que sexan adquiridas serán obxecto das correspondentes actas de recepción e pasarán a formar parte do patrimonio da Deputación.

Os autores ou autoras deberán presentar as preceptivas facturas, nas que se farán constar os impostos que lles sexan de aplicación.

A adquisición das obras supón a extinción do dereito de explotación polo seu/súa autor/a, se ben permanecen inalterables os dereitos morais que a lexislación lles confire.

As obras que non sexan adquiridas e formen parte da exposición, deberán ser retiradas polos/as interesados/as no prazo dun mes, que se contará desde a data da clausura da última exposición.

Oitava.-

A Deputación correrá cos gastos dos seguros das obras durante o tempo no que permanezan no seu poder, e sempre que este non supere os prazos sinalados para a súa retirada.

Aquelas obras que non sexan retiradas nos prazos establecidos, serán devoltas aos/as participantes polo medio de transporte que, segundo o criterio da Deputación, sexa considerado mellor, correndo os custos ao cargo daqueles.

A Deputación da Coruña non se fai responsable do deterioro, perda, roubo, etc. que poidan sufrir no transporte as obras enviadas ao Certame.

Novena.-

A participación nesta convocatoria, supón a total aceptación destas bases, así como a autorización á Deputación para incluír as obras seleccionadas no catálogo da exposición.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039301

Décima.-

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o certame, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Certame por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

2º.- Disponer da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Contabilizar o importe dos gastos derivados da convocatoria, que ascende a un total de 35.500 €, de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premio	0612/3342/481	6.500,00	220190005454 (multiaplicación)
Honorarios xurado	0612/3342/22609	4.000,00	
Adquisición da obra	0612/3342/62900	25.000,00	